

CAMPOS DE VOLUNTARIADO AMBIENTAL NO RÍO TEA

SEIS ANOS ELIMINANDO FLORA EXÓTICA INVASORA

Ramsés Pérez e Paco Bañobre*

Nas seguintes páxinas recóllese un resumo do traballo que durante seis anos un numeroso grupo de persoas, coordinadas polo Proxecto Ríos–ADEGA, ao abeiro do Programa de Voluntariado en Ríos do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA), desenvolveu nas beiras do río Tea. Máis de 300 voluntarios/as participaron nesta iniciativa que tivo como un dos seus principais obxectivos divulgar a problemática que as especies exóticas invasoras (EEI en diante) provocan sobre o medio ambiente en xeral e os ríos en particular.

Ramsés Pérez



Eliminando acacias nas beiras do río Tea.

Ramsés Pérez



Momento no que un membro de ADEGA explica aos voluntarios e voluntarias os traballos a facer.

A vexetación que crece de forma natural nas beiras dos ríos constitúe un elemento fundamental para o bo funcionamento dos ecosistemas fluviais. Cando desaparece, xeralmente produto da acción humana, os ríos perden unha parte moi importante de si mesmos converténdose, nos casos máis extremos, en meros condutos de auga de escorrenta. As funcións que cumpre a vexetación de ribeira son múltiples dentro do ecosistema fluvial: fonte de materia e enerxía, estabilización das marxes e freo da erosión nas beiras, filtro de nutrientes que reduce a eutrofización das augas, sombreado da canle que limita o calentamento das augas e permite unha maior oxixenación, refuxio para a fauna acuática e terrestre, corredor de conexión entre ecosistemas naturais e valor paisaxístico.

As invasións biolóxicas son, na actualidade, a segunda causa de perda de biodiversidade a nivel mundial por detrás da destrución e fragmentación do hábitat nos continentes. As EEI producen, naqueles lugares nas que se instalan e proliferan, efectos sobre a biodiversidade que se traducen en impactos sobre

as comunidades nativas e sobre a estrutura e funcionamento dos ecosistemas, ocasionando a alteración de procesos ecolóxicos, bioxeoquímicos e a homoxeneización de comunidades e da paisaxe. Os ecosistemas fluviais son un dos sistemas naturais máis vulnerábeis ás invasións biolóxicas. Pola súa estrutura e funcionamento son propensos a que fauna e flora exótica invasora prolifere cando a destrución do hábitat é patente.

O Proxecto Ríos decidiu abordar a problemática das EEI en 2007 ante a continuada presenza destas nos ríos, así como ante a demanda do voluntariado ambiental por identificalas e recoñecelas. Esta nova liña de actuación consolidouse grazas ao programa de Voluntariado en Ríos do daquela *Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino* (MARM) que durante seis anos deu apoio aos campos de voluntariado ambiental do río Tea. O Proxecto Ríos decidiu apostar por un programa de voluntariado ambiental orientado a divulgar a problemática das EEI e a investigar e ensaiar métodos de eliminación coa finalidade de formular protocolos de eliminación

dalgunhas das especies presentes nas ribeiras.

VOLUNTARIADO NO TEA

A finalidade principal dos campos de voluntariado ambiental no río Tea foi dar a coñecer o papel fundamental dos ríos e as problemáticas ambientais asociadas a eles, especificamente a ameaza das especies invasoras. Como obxectivo xeral destaca divulgar a problemática das EEI, especialmente a flora ribeiriña, e desenvolver experiencias de eliminación.

Deseñouse unha metodoloxía activa e participativa baseada na investigación–acción, que pretende que os destinatarios das actividades “aprendan facendo”, combinando as teorías, opinións e propostas de expertos/as co traballo dos técnicos do Proxecto Ríos e do voluntariado ambiental. A premisa foi que o voluntariado ambiental sexa o obxecto dos traballos e non un mero suxeito dos mesmos.

Atendendo á metodoloxía presentada deseñouse unha primeira intervención baseada na investigación do río Tea como primeiro chanzo sobre o que asen-

tar o traballo futuro. Con esta planificación tentouse fuxir de prácticas habituais como son as de pensar as actividades que se van realizar para logo crear unha xustificación teórica ao redor delas. Os campos de voluntariado no río Tea desenvóléronse en dúas fases claramente diferenciadas:

Durante o mes de outubro de 2007, voluntarios/as ambientais de toda Galicia tomáronlle o pulso ao río Tea empregando a metodoloxía do Proxecto Ríos¹. Realizouse unha análise da saúde do río e das súas marxes. Co resultado destas inspeccións, establecéronse as liñas de actuación para as accións a desenvolver no período 2008-2012. Durante esta fase inspeccionáronse 15 treitos de 500 m cada un.

A partir dese momento, deseñáronse os campos de voluntariado ambiental de eliminación de flora exótica invasora do río Tea², que foi a liña de traballo fundamental das accións desenvolvidas durante o período 2008 - 2012. A decisión de seleccionar esta temática entre as problemáticas detectadas foi motivada polo seu carácter innovador e polas súas posibilidades de intervención.

As especies sobre as que se actuou inicialmente foron: Mimosa (*Acacia dealbata*), Falsa acacia (*Robinia pseudo-acacia*), Bambú (*Phyllostachys* sp.), Zarramaga (*Coryza canadensis*), Herba tintureira (*Phytolacca americana*), e Garrapatón (*Bidens frondosa*). Cómpre indicar que a medida que se foron desenvolvendo os diferentes campos, identificáronse novas especies froito dun traballo máis intenso sobre o terreo. Así tamén se actuou sobre a *Tritonia x Crocosmiflora*, Xacinto de auga (*Eichhornia crassipes*), Fento acuático (*Azolla filiculoides*) e Cola de raposa (*Myriophyllum aquaticum*).

Nos seis anos de campos de voluntariado ambiental no río Tea participaron 355 persoas de forma directa nas activi-

Ramsés Pérez



Posta en común da información recollida á beira do río.

dades. Porén, calcúlase que a incidencia na divulgación sobre a problemática das EEI foi moito maior, tendo en conta non só como indicador o número de voluntarios/as participantes, senón tamén os asistentes ás charlas divulgativas, a aparición en diferentes medios, as reportaxes de televisión ou a participación en congresos e xornadas a nivel estatal e a edición de 2.000 folletos divulgativos, así como os carteis e dípticos divulgativos editados concretamente para cada ano de actividade.

RESULTADOS

Relacionado coas tarefas de eliminación e coa recuperación dos hábitats nas marxes do río Tea, considérase que os traballos executados superaron as expectativas iniciais tanto nos resultados obtidos como no entusiasmo posto polo voluntariado ambiental. Conseguiu-se eliminar dúas manchas monoespecíficas de flora exótica (Acacia e Bambú) de 2.000 e 380 m², respectivamente, advertindo unha recuperación da flora autóctona nas zonas de actuación. Logrouse a eliminación ao 100% en todo o tramo escollido de tres especies (*T. crocosmiflora*, *B. frondosa* y *C. canadensis*), e ao 95%, de *P. americana* y *R. pseudoacacia*. En total retiráronse máis de 4.000 Kg. de

Ramsés Pérez



Revisando notas durante unha inspección de río.

materia vexetal. Ademais sentáronse as bases para a elaboración dun protocolo de actuación para a eliminación de flora exótica invasora con voluntariado ambiental en ecosistemas fluviais, que podería ser aplicábel a outros ríos semellantes.

Logo dos resultados, tanto no referido á resposta do voluntariado como á cantidade de especies e de toneladas retiradas, pódese concluír que os obxectivos marcados foron amplamente acadados. A Educación e o Voluntariado Ambiental son ferramentas moi útiles para a divulgación dos efectos que as EEI producen nos ecosistemas, así como para sensibilizar á sociedade sobre os numerosos problemas ambientais que afectan ao medio natural. Os campos de voluntariado do río Tea son un exemplo de como realizar estas accións implicando á cidadanía, non só nas tarefas de eliminación (neste caso), senón tamén na toma de decisións sobre o desenvolvemento do programa en si, considerándoo como algo propio.

Aínda que o programa de Voluntariado en Ríos rematou en 2012, o Proxecto Ríos contou en 2013 co apoio da Confederación Hidrográfica Miño-Sil para realizar un campo de voluntariado ambiental anual coa intención de dar continuidade ás tarefas de eliminación de flora exótica invasora.

Notas:

1. Véxase Cerna nº 53: Tomándolle o Pulso ao Río Tea, pax. 58 e 59.
2. Véxase Cerna nº 57: Curando o Río Tea, pax. 54 e 55.

* Ramsés Pérez e Paco Bañobre son educadores ambientais de Proxecto Ríos-ADEGA.

Cadro resumo das distintas quendas dos campos de voluntariado ambiental.

Ano	Campos	Mes/Meses
2007	3	Outubro
2008	3	Outubro
2009	3	1 en Maio - 2 en Outubro
2010	4	Febreiro, Abril, Xuño e Outubro
2011	1	Maio
2012	2	Marzo e Maio
6 anos	16 campos	